



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA INCLUIR ÁS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA NA ESTRATEXIA DA DEPUTACIÓN SOBRE FONDOS EUROPEOS “NEXT GENERATION”**

Os fondos NextGenerationEU, creados para facer fronte á situación económica derivada da pandemia mundial ocasionada polo virus SARS-CoV-2 poderán ser un pulo histórico para España e o resto da Unión Europea. Algo máis de 140.000 millóns de euros chegarán ao noso Estado, dos que 72.000 serán entregados como transferencias directas. Esta dotación económica, equivalente ao 11% do PIB, servirá para financiar proxectos baseados na transformación dixital, ecolóxica, igualdade ou na cohesión social, económica e territorial. Estamos a falar dunha achega histórica no marco comunitario que, xunto aos recursos non empregados do plan 2014-2020, ronda o 3% do PIB anual.

O Goberno central e as comunidades autónomas xestionarán unha porcentaxe deses fondos para o investimento en materias das súas competencias. Pola súa banda, os municipios de maior entidade terán unha reserva específica e directa de fondos, que serán concedidos en función da calidade dos proxectos presentados e da súa adecuación aos obxectivos. Polo tanto, un dos beneficiarios directos deste plan comunitario tamén serán as entidades locais de Ourense, pero a meirande parte delas son municipios pequenos e de escasos recursos que non poderán acceder individualmente a estas achegas.

A Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación ás entidades locais, especialmente ás de menor capacidade. A Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, determina que calquera administración pública deberá respectar nas súas relacións, en todo caso, os principios de “confianza lexítima e lealdade institucional”; de “eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos”; ou de “cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións”, entre outros. Pero ata o de agora, a distribución da meirande parte de fondos públicos que administra a Deputación de Ourense entre os municipios, sempre se estruturou en torno a un sistema discrecional e non equitativo.

Ante este novo reto económico comunitario, o goberno provincial do PP e da tráfuga, Montse Lama, vén de constituír un “comité multidisciplinar” formado por “varios departamentos da institución, consultores, técnicos e políticos”, co fin de “planificar e desenvolver proxectos”. Todos eles e elas son persoas escollidas discrecionalmente polo presidente, Manuel Baltar, e na súa meirande parte, alleas á xestión diaria e directa dos pequenos concellos da provincia aos que a institución debe auxiliar.

Por iso, e en coherencia coas obrigas legais e co sentido común, é necesario que a Deputación aprobe un instrumento ou órgano que permita a cooperación inmediata cos municipios de Ourense, para acadar unha eficiente e efectiva consecución de fondos Next



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

Generation para proxectos ou iniciativas do seu interese. É necesario que todos os concellos poidan dispor de recursos dabondo para destinalos ás necesidades máis acuciantes dos seus territorios e da súa veciñanza. Ninguén mellor ca eles saben cales son as súas carencias ou as faíscas que poden dar lugar a novas iniciativas baseadas na innovación; na transición climática e dixital; na mellora da cohesión e da política agrícola común ou na protección da biodiversidade.

Hai excelentes exemplos disto moi cerca. A Deputación de Pontevedra mantivo un encontro con representantes de todos os concellos da súa provincia de menos de 50.000 habitantes, para presentarlles o “Plan Estratéxico Provincial dos Fondos Europeos” e o sistema para incorporar propostas. A institución insistiu aos municipios en que deben ser “proxectos concretos”, detallando “o que concello demanda en cada unha das dez liñas do plan provincial”, para logo ser enviado ao ministerio competente conxuntamente. Igualmente pediu aos alcaldes e alcaldesas un esforzo para “concretar as ideas e avanzar xa nas xestións e tramitacións das autorizacións necesarias” deses proxectos que consideren estratéxicos porque é “clave ser proactivos”.

Incluso, a propia Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) aprobou unha declaración relativa á participación das entidades locais nos fondos europeos, na que, entre outras aseveracións, instaba a unha xestión coordinada coas comunidades autónomas e tamén coas entidades locais. Igualmente demandaba asesorar ás entidades locais neste proceso tan complexo e pedía asegurar un 10 % do montante total para os municipios.

Cando se debata esta iniciativa no pleno da corporación provincial ourensá, xa terán transcorridos dous meses desde que a veciña institución de Pontevedra comezou a traballar da man das entidades locais. En Ourense xa imos tarde. A Deputación aínda non fixo nada neste senso e os concellos pequenos están desamparados ante a histórica oportunidade de avance que ofrecerán o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia e a Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (REACT-UE).

Os recursos que cheguen finalmente a cada entidade pública dependerán da súa capacidade técnica para presentar proxectos correctamente perfilados e na liña dos obxectivos marcados pola Unión Europea. Por iso é nuclear que a Deputación Provincial de Ourense, como concello de concellos, traballe da man coas entidades locais e sen máis tempo que perder.

O 70 % das transferencias non reembolsables deste plan deberán ser comprometidas pola Comisión Europea en 2021 e 2022. O 30 % restante comprometerase a finais de 2023 e poderán executarse ata 2026. Pola súa banda, os recursos económicos do REACT- EU deberán ser executados en dous anos, dentro do bienio 2021-2022. Xa estamos en tempo de desconto para presentar proxectos e, ata o momento de redactar esta iniciativa, o único que fixo o goberno provincial foi facerse unha foto durante un videochat.

A Deputación de Ourense, por tanto, está obrigada a deseñar canto antes unha folla de ruta e un sistema de cooperación para incorporar as propostas dos municipios. Un sistema que permita, co maior consenso posible, axudar ás entidades locais a concorrer a estas convocatorias coas



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

maiores probabilidades de éxito, co fin último de avanzar cara un territorio máis verde, máis dixital, máis social e máis poboado e máis cohesionado.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar a Deputación Provincial de Ourense á creación dun grupo de traballo, á maior brevidade posible, do que formen parte os alcaldes, alcadesas ou representantes designados por todos os municipios da provincia e pola Entidade Local Menor de Berán, co fin de establecer un sistema para trasladar iniciativas e proxectos susceptibles de ser financiadas con fondos do instrumento temporal de recuperación da Unión Europea, NextGenerationEU.

En Ourense, 12 de marzo de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE